

Granxas de leite galegas en harmonía coa natureza e a biodiversidade agraria

FEADER/20B



Unión de Cooperativas Asociación
Galega de Cooperativas Agrarias

Rúa Tomiño, nº 22, soto 1
Santiago de Compostela
981 584 783

Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30,
entreplanta A - Lugo
982 201 514

Rúa Bedoia, nº 7, 2º OF1
Ourense
988 242 481

www.agaca.coop



SAT Casa Grande de Xanceda

Estrada AC-524, Km. 41, Xanceda, Mesía
981 687 007 - www.casagrandexanceda.com



Grupo Naturalista Hábitat

r/ Camariñas, nº 8, A Coruña
981 13 50 14 - <http://gnhabitad.org>



Calfensa Proyectos

Estrada Lugo - Sarria LU-546, Km. 2 - Santa Comba
982 305 902 - www.calfensa.com



Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Estrada AC-542 de Betanzos a Mesón do Vento, km. 7,5
881 881 871 - www.ciam.gal



Instituto Galego da Calidade Alimentaria

Pazo de Quián, s/n, Sergude - Boqueixón
981 997 276 - ingacal@xunta.es

Proxecto financiado por:



Granxas de leite galegas en harmonía coa natureza e a biodiversidade agraria

FEADER/20B



Coordina:

Unión de Cooperativas Asociación
Galega de Cooperativas Agrarias




Interveñen:



Proxecto financiado por:





Granxas de leite galegas en harmonía coa natureza e a biodiversidade agraria FEADER/20B

O proxecto “**Granxas de leite galegas en harmonía coa natureza e a biodiversidade agraria**” pretende mellorar a biodiversidade ligada ás explotacións de gando vacún de leite reducindo os seus niveis de contaminación, reto que ten os seus alicerces no proxecto EuroDairy do Horizon 2020.

A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias —AGACA lidera o proxecto, no que ademais interveñen a SAT Casa Grande de Xanceda, Calfensa Proxectos, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Instituto Galego da Calidade Alimentaria e o Grupo Naturalista Hábitat.

OBXECTIVOS

◇ Intercambiar experiencias e coñecementos entre ganderías innovadoras e exemplares, persoal técnico e especialistas (naturalistas, investigadores, ONG, enxeñeiros de proxectos ambientais etc).

◇ Lograr un sistema de fitodepuración natural por fases, garantindo unha fitodepuración de calidade.

◇ Definir hábitats e especies que dependen da actividade das explotacións de vacún de leite.

◇ Identificar as prácticas máis favorables para a biodiversidade, así como

aquelas máis prexudiciais.

◇ Definir indicadores de bo manexo dos hábitos agrarios para a biodiversidade.

◇ Avaliar e comparar a saúde do solo dunha explotación ecolóxica co dunha convencional.

◇ Presentar e divulgar os resultados no ámbito científico e técnico, así como nos ámbitos do sector agrario e da Asociación Europea de la Innovación.

É necesario mellorar a biodiversidade nas granxas de vacún de leite, para así poder extrapolar estes resultados coa participación na rede temática europea EuroDairy de biodiversidade agraria, o que permitirá compartir as súas metodoloxías e coñecementos para identificar e mellorar a biodiversidade ligada ás explotacións de Galicia.

ORZAMENTO

O proxecto “**Granxas de leite galegas en harmonía coa natureza e a biodiversidade agraria**” está financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) da Unión Europea, polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
Conta con 95.286,20€ de orzamento.


COMO LOGRAR OS OBXECTIVOS?

A Casa Grande de Xanceda é a explotación piloto onde se desenvolve o proxecto. Xera 30.000 litros/día de augas industriais derivadas da produción de iogur. O proxecto pretende depurar parte destas augas a través dun filtro verde, para que deixen de ir aos xurros, e determinar a cantidade de auga para cada un destes destinos.



Construiranse balsas de auga con elementos filtrantes, tomando como exemplo un deseño construtivo do CIAM.

Realizaranse estudos e inventarios para definir hábitats e especies dependentes da actividade das explotacións de vacún de leite e identificaranse prácticas favorables e desfavorables para a sustentabilidade da biosfera.



No CIAM deseñaranse sistemas de protección de árbores e plantaranse

sebes compatibles co pastoreo, traballando con especies autóctonas para recuperar os bosques de ribeira. Trátase, ademais, de mellorar o benestar dos animais (espazos de sombra) e a calidade do solo e da biosfera.